



## INFORME-PROPOSTA

### ANTECEDENTES

Primeiro.- O 17 de outubro de 2025, o Xefe do Estado Maior da Defensa, Almirante Xeneral D. Teodoro Esteban López Calderón, comunicou oficialmente á Alcaldía de Vigo a designación desta cidade como sede da celebración do Día das Forzas Armadas 2026 (DIFAS 26), a celebrar na mañá do 30 de maio de 2026 coa presenza de SS.MM. os Reis de España.

Segundo.- Os actos conmemorativos do Día das Forzas Armadas (DIFAS) 2026 en Vigo, baixo o lema “Todos unidos defendemos España”, comezarán ás 10:00 h do 26 de maio cun Izado Solemne de Bandeira e a inauguración dunha exposición estática na rúa Montero Ríos.

Terceiro.- O mércores 27 de maio de 2026 terá lugar unha exhibición de persoal da Garda Real, da Unidade Militar de Emerxencias e da Garda Civil nas instalacións deportivas de titularidade municipal da rúa Pablo Iglesias, desde as 19:00 h ata as 21:00 h.

Cuarto.- O xoves 28 de maio, ás 19:15 h, na Praza da Porta do Sol, terá lugar un encontro de músicas militares no que participarán, entre outras, a Unidade de Música do Cuartel Xeral do Mando de Apoio á Manobra.

Quinto.- O venres 29 de maio, presidida por S.M. o Rei, efectuarase a Revista Naval na que participarán buques da Armada e da Garda Civil. Esta exhibición terá lugar, ás 15:30 h, na ría de Vigo. Esa mesma tarde, ás 17:15 h, na praia de Samil, terá lugar unha demostración de capacidades dos Exércitos, Armada e Garda Civil.

Sexto.- O Día das Forzas Armadas é unha xornada de homenaxe aos Exércitos, deseñada e pensada para fomentar a súa integración na sociedade e dar a coñecer o seu labor, tanto na defensa da nación como en misións internacionais.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Baixo a dirección do Goberno (art. 97 da Constitución), as Forzas Armadas integradas polo Exército de Terra, a Armada e o Exército do Aire teñen como misión garantir a soberanía e independencia de España, defender a súa integridade territorial e o ordenamento constitucional (art. 8 da Constitución).

Segundo.- O Real Decreto 530/1987, do 10 de abril, polo que se regula a celebración anual do Día das Forzas Armadas, dispón que “En data próxima ao Día das Forzas Armadas, e co obxecto de propiciar que o pobo español coñeza mellor os seus exércitos, as Unidades militares realizarán demostracións de adestramento e desenvolverán actividades culturais, deportivas ou de calquera outra índole, coa programación e na forma en que se ordene.” (art. 4).

Terceiro.- Con tal fundamento legal, a celebración en Vigo da edición 2026 do DIFAS 2026 constitúe un destacado suposto de realización do deber de cooperación que rexe entre o Goberno e o Concello de Vigo (art. 140 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público) en interese da continua posta en valor das funcións constitucionais das Forzas Armadas.

Cuarto.- Este deber de cooperación implica, no que atinxe ao Concello de Vigo, a cesión do uso de instalacións municipais adecuadas e do dominio público viario para o exercicio das actividades programadas, para o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2026 11:26	Páxina 1 de 14
148489-210	CSV: ABB1BB-ABE5E5-BF3EB1-QJETBZ-CUF4N2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ÁREA DE SEGURIDADE, MOBILIDADE E TRÁFICO

CONCELLO  
DE VIGO



aloxamento do persoal das unidades militares, a recepción das autoridades militares e civís, a aprobación dun plan de tráfico específico para a circulación de convois e o desprazamento do conxunto da cidadanía cara aos lugares de celebración, así como o establecemento de medidas de autoprotección na medida en que resulten pertinentes para o adecuado desenvolvemento das devanditas actividades.

Quinto.- A celebración dun evento desta natureza implica tamén unha elevada esixencia en materia de seguridade cidadá, na que a Policía Local participará en tarefas de colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado na forma establecida na Lei Orgánica 2/1986 de Forzas e Corpos de Seguridade.

Sexto.- A responsabilidade das instalacións (técnicas e de aloxamento do público convidado polo organizador ao evento) e das actividades das distintas unidades militares corresponde exclusivamente ás respectivas autoridades civís e militares do Goberno.

Sétimo.- Correspóndelle ao Concello de Vigo o control das instalacións auxiliares para o resto do público visitante, así como a súa organización e control.

Oitavo.- Desde a designación da cidade como sede do DIFAS 2026, en coordinación realizada desde a Concellería da Área de Seguridade, cada Concellería dispuxo o conveniente para a cesión do uso das instalacións.

Así, todas as instalacións cedidas atópanse actualmente en disposición de seren ocupadas para as actividades programadas: instalacións deportivas das Travesas, instalacións deportivas da rúa Pablo Iglesias e Museo Verbum.

Noveno.- Diseñouse así mesmo un plan de tráfico específico para toda a semana do 24 ao 30 de maio, con especial afectación o día do acto central, 30 de maio, por razón das especiais medidas de seguridade inherentes ao mesmo.

O seu contido insírese a continuación como anexo.

As medidas relativas á potenciación do transporte urbano de viaxeiros serán organizadas pola Concellería de Transportes.

Décimo.- Co obxecto de procurar a maior audiencia das persoas interesadas para cada unha das actividades programadas, e a menor afectación posible ao conxunto da cidadanía, daráselle a máxima publicidade por todos os medios de comunicación para cada un dos eventos coas súas respectivas repercusións no ámbito da mobilidade.

Por todo o exposto, considérase que procede que pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal se aprobe a seguinte:

### Proposta de resolución:

1º.- Autorizar por razón da celebración do DIFAS 2026 na cidade de Vigo, o uso polas distintas Unidades Militares designadas polo Goberno, das seguintes instalacións municipais conforme aos acordos adoptados polas respectivas concellerías delegadas:

- Instalacións deportivas do Pavillón Municipal das Travesas.
- Instalacións deportivas da rúa Pablo Iglesias.
- Museo Verbum, na Avenida de Samil.

2º.- Autorizar a ocupación do dominio público viario de titularidade municipal para a celebración de todas as actividades programadas: Avenida de Samil, Avenida Atlántida, Avenida Europa, rúa Pablo Iglesias, rúa Montero Ríos,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2026 11:26	Páxina 2 de 14
148489-210	CSV: ABB1BB-ABE5E5-BF3EB1-QJETBZ-CUF4N2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ÁREA DE SEGURIDADE, MOBILIDADE E TRÁFICO

CONCELLO  
DE VIGO



rúa Castelar, rúa Pablo Morillo, rúa Areal, rúa Carmen e rúa Cesáreo González.

3º.- Aprobar as medidas especiais de tráfico necesarias para a celebración do evento, garantindo a mobilidade das Unidades Militares e a concorrencia do público asistente ás distintas actividades, coa menor afectación posible ao conxunto da cidadanía (anexo).

4º.- Ordenar que polos distintos servizos municipais dependentes das respectivas concellerías se continúe coas tarefas de cooperación coas autoridades estatais nos termos establecidos nas reunións de coordinación celebradas en interese do bo fin do evento, baixo a coordinación da Xefatura da Área de Seguridade.

5º.- Ordenar a publicación por todos os medios de comunicación de todas as actividades programadas para xeral coñecemento do conxunto da cidadanía.

O enxeñeiro municipal da Área de Seguridade, Mobilidade e Tráfico  
Roberto Carlos González Fernández

O Xefe da Área de Seguridade, Mobilidade e Tráfico  
Antonio Vivero Mijares

### DECRETO

En virtude do réxime de delegación de competencias efectuado polas resolucións da Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023, 28 de xuño de 2024 e 25 de setembro de 2025, e polos acordos da Xunta de Goberno Local de datas 22 de xuño e 28 de xullo de 2023 e 8 de marzo de 2024, modificados polos acordos de datas 28 de xuño de 2024 e 13 de xuño, 26 de setembro e 7 de novembro de 2025 de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros, vista a proposta precedente, resolvo de conformidade coa mesma.

A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNO DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

DOU FE,  
A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL



Copia do documento - Concello de Vigo  
148489-210

Data impresión: 18/05/2026 11:26

Páxina 3 de 14

CSV: ABB1BB-ABE5E5-BF3EB1-QJETBZ-CUF4N2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



MEDIDAS ESPECIAIS DE TRÁFICO  
DIFAS 2026 – VIGO  
RELACIÓN DE AFECCIÓNS Á MOBILIDADE POR EVENTOS

CALENDARIO ACTIVIDADES

MAYO					
MARTES 26 MAY	MIÉRCOLES 27 MAY	JUEVES 28 MAY	VIERNES 29 MAY	SÁBADO 30 MAY	DOMINGO 31 MAY
Presencia naval y exposición estática de material					
Inauguración <sup>2</sup> 10:00 h – 20:00 h	10:00 h – 20:00 h	10:00 h – 19:00 h	10:00 h – 20:00 h	15:00 h – 20:00 h	10:00 h – 14:00 h
Izado de bandera <sup>1</sup> (10:00 h)	Exhibición de personal y material <sup>1</sup> (19:00 h)	Encuentro unidades de música <sup>3</sup> (19:15 h) Ensayo acto central (22:30 h) <small>(Solo homenaje a la Bandera y a los que dieron su vida por España y Arriado de Bandera)</small>	Revista naval <sup>4</sup> (15:30 h) Exhibición dinámica personal y material <sup>4</sup> (17:15 h)	<b>ACTO CENTRAL<sup>4</sup></b> (12:00 h)	Arriado de bandera 13:30 h

1. CEMAM y Alcaldía de Vigo

2. IEMAD en colaboración con el Ayuntamiento de Vigo

DISTRIBUCION DE ACTOS Y ACTIVIDADES



A continuación expóñense as reservas de estacionamento, restricións de circulación, ocupacións, afeccións á mobilidade, desvíos de tráfico, restricións de estacionamento, medidas complementarias e avisos previstos para cada un dos eventos a desenvolver con motivo do DIFAS 26 en Vigo.





## 1. BASE LOXÍSTICA MILITAR – CDM TRAVIESAS

**Localización:** Complexo Deportivo Municipal de Travesas. Rúa Carmen. Rúa Cesáreo González. Rúa Pastora.

**PERÍODO DE AFECCIÓN:** Desde o 22/05/2026 ás 06:00 h ata o 01/06/2026 ás 22:00 h

### **AFECCIÓN Á MOBILIDADE**

#### **Reservas de estacionamento**

Reserva integral do carril dereito da rúa Carmen para autobuses militares e vehículos loxísticos.

Reserva integral do carril dereito da rúa Cesáreo González para autobuses militares e vehículos loxísticos.

Reservas puntuais en ambos marxes ao inicio da rúa Pastora.

Reserva de espazos de manobra para vehículos pesados en marxe esquerda da rúa Carmen e rúa Cesáreo González.

#### **Restricións de circulación**

Restrición de circulación puntual para facilitar radios de xiro.

#### **Restricións de estacionamento**

Prohibición permanente de estacionamento durante as 24 horas nos espazos indicados.

Mantemento unicamente das prazas PMR existentes na zona para o acceso a piscina Municipal.

#### **Medidas complementarias**

Sinalización vertical e balizamento provisional.

Vixilancia permanente das reservas.

Coordinación con servizo de guindastre municipal.

Aviso en tódolos paneis informativos da cidade.

## 2. IZADO E ARRIADO DE BANDEIRA – MONTERO RÍOS

**Localización:** Montero Ríos. Concepción Arenal. Castelar. Zona Náutico. Praza Nadador.

**25/05/2026 MONTAXE E ENSAIOS - HORARIO: 12:00 h – 13:00 h - AFECCIÓN Á MOBILIDADE**

### **Cortes de tráfico**

Corte total de Montero Ríos.

Corte puntuais de Concepción Arenal.

Corte total de Castelar e Pablo Murillo.

### **Restricións de circulación**

Acceso exclusivamente autorizados e emerxencias.

Restrición de acceso ao tráfico xeral.

### **Restricións de estacionamento**

Prohibición total de estacionamento nos ámbitos afectados.

Reserva operativa para montaxe e vehículos técnicos.

Prohibición da montaxe de terrazas e acopios, no lado mar de Montero Ríos no tramo entre rúa Castelar e rúa Montero



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2026 11:26	Páxina 5 de 14
148489-210	CSV: ABB1BB-ABE5E5-BF3EB1-QJETBZ-CUF4N2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ÁREA DE SEGURIDADE, MOBILIDADE E TRÁFICO

CONCELLO  
DE VIGO



Ríos.

### Medidas complementarias

Control de accesos.

Restrición puntual de circulación peonil nas zonas de seguridade.

Prohibición de montaxe de terrazas no tramo entre a rúa Castelar a rúa Pablo Morillo.

Aviso en tódolos paneis informativos da cidade.

### 26/05/2026 ACTO IZADO - HORARIO: 09:00 h – 11:00 h - AFECCIÓNS Á MOBILIDADE

#### Cortes de tráfico

Corte total de Montero Ríos.

Corte puntuais de Concepción Arenal.

Corte total de Castelar e Pablo Murillo.

#### Restricións de circulación

Acceso exclusivamente autorizados e emerxencias.

Restrición de acceso ao tráfico xeral.

#### Restricións de estacionamento

Prohibición total de estacionamento nos ámbitos afectados.

Reserva operativa para montaxe e vehículos técnicos.

Prohibición da montaxe de terrazas e acopios, no lado mar de Montero Ríos no tramo entre rúa Castelar e rúa Montero Ríos..

### Medidas complementarias

Control de accesos.

Restrición puntual de circulación peonil nas zonas de seguridade.

Prohibición de montaxe de terrazas no tramo entre a rúa Castelar a rúa Pablo Morillo.

Aviso en tódolos paneis informativos da cidade.

### 31/05/2026 ACTO ARRIADO - HORARIO: 13:00 h – 14:00 h - AFECCIÓNS Á MOBILIDADE

#### Cortes de tráfico

Corte total de Montero Ríos.

Corte puntuais de Concepción Arenal.

Corte total de Castelar e Pablo Murillo.

#### Restricións de circulación

Acceso exclusivamente autorizados e emerxencias.

Restrición de acceso ao tráfico xeral.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2026 11:26	Páxina 6 de 14
148489-210	CSV: ABB1BB-ABE5E5-BF3EB1-QJETBZ-CUF4N2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



### Restricións de estacionamento

Prohibición total de estacionamento nos ámbitos afectados.

Reserva operativa para montaxe e vehículos técnicos.

Prohibición da montaxe de terrazas e acopios, no lado mar de Montero Ríos no tramo entre rúa Castelar e rúa Montero Ríos..

### Medidas complementarias

Control de accesos.

Restrición puntual de circulación peonil nas zonas de seguridade.

Prohibición de montaxe de terrazas no tramo entre a rúa Castelar a rúa Pablo Morillo.

Aviso en tódolos paneis informativos da cidade.

### 3. EXHIBICIÓN DE PERSOAL E MATERIAL – PISTA DE ATLETISMO PABLO IGLESIAS

**Localización:** Rúa Pablo Iglesias. Alexandre Bóveda. Florida. Lorient. Ponte da Veiga. Zona Balaídos.

**26/05/2026 – ENSAIO - HORARIO: 15:00 h – 23:00 h - AFECCIÓNS Á MOBILIDADE**

### Reservas de estacionamento

Reserva en ambos marxes da rúa Pablo Iglesias.

Marxe río: Reserva dende o aparcamento Pablo Iglesias ata rotonda Alexandre Bóveda.

Marxe cidade: Reserva dende rotonda Alexandre Bóveda ata a zona do parque infantil.

Reserva parcial no aparcamento de Zona Franca (lado río).

Reserva PMR e caseta informativa no fronte Panadaría Trigal.

### Restricións de circulación

Restrición parcial de circulación.

Acceso só residentes, autorizados e emerxencias durante desfile.

Restrición de acceso desde Florida e dende rotonda Alexandre Bóveda.

Anulación da intersección mediante rotonda Alexandre Bóveda e paso con dobre sentido.

### Cortes puntuais

Corte parcial nos accesos Pablo Iglesias – Florida.

Corte parcial Alexandre Bóveda – Pablo Iglesias.

### Medidas complementarias

Control policial, Regulación manual do tráfico, Protección itinerarios peonís, e control con Protección Civil das saídas dos estacionamentos.

Balizamento das beirarrúas coa calzada.

Información previa a locais e veciñanza afectada por parte da Policía Local ou outros medios complementarios.

Aviso en tódolos paneis informativos da cidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2026 11:26	Páxina 7 de 14
148489-210	CSV: ABB1BB-ABE5E5-BF3EB1-QJETBZ-CUF4N2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**27/05/2026 – EVENTO - HORARIO: 15:00 h – 23:00 h - AFECCIÓNS Á MOBILIDADE**

**Mantemento das reservas**

Mantemento das reservas implantadas o día anterior.

Reserva de estacionamento na totalidade do aparcamento fronte a Grada Tribuna do Campo de Balaidos.

**Restricións**

Mantemento das restricións implantadas o día anterior.

**Medidas complementarias**

Mantemento das medidas complementarias implantadas o día anterior.

**4. ENCONTRO DE MÚSICA MILITAR – PORTA DO SOL**

**Localización:** Porta do Sol. Policarpo Sanz. A rúas converxentes.

**27/05/2026 – ENSAIO - HORARIO: 08:15 h – 14:00 h - AFECCIÓNS Á MOBILIDADE**

**Reservas de estacionamento**

Reserva de estacionamento para 7 autobuses en rúa Policarpo Sanz entre rúa Poeta Carlos Oroza e rúa Reconquista, nas dúas marxes, para desembarque e embarque de pasaxeiros.

**Restricións**

Prohibición de montaxe de terrazas na Porta do Sol ata rúa Elduayen.

Autorización de música polas rúas e megafonía na Porta do Sol.

**28/05/2026 – ENSAIO E ACTO PRINCIPAL – HORARIOS : 08:15 h – 14:00 h. e 17:00 h – 21:00h - AFECCIÓNS Á MOBILIDADE**

**Reservas**

Reserva de estacionamento incluso motos en beirarrúa en rúa Policarpo Sanz entre rúa Poeta Carlos Oroza e rúa Reconquista, nas dúas marxes.

Reserva estacionamento en rúa Areal, carril lado mar, dende Paellera dirección Isac Peral (140m) de 12:00h a 22:00h.

Ocupación en carril lado mar, da Praza de Compostela entre rúa Velázquez Moreno e rúa Reconquista de 12:00h a 22:00h.

Reserva estacionamento en rúa Reconquista, dende praza de Compostela ata Policarpo Sanz de 12:00h a 22:00h.

**Restricións**

Restricións parciais da circulación para os desfiles polos diferentes itinerarios:

ITINERARIO 1: Paseo Alfonso XII Oliveira – Rúa Elduayen – Plaza Porta do Sol. Distancia: 250 m. Tempo: 2’ 45”.

ITINERARIO 2: Alameda Praza de Compostela (esquina Rúa Victoria) – Praza de Compostela – Rúa Colón – Rúa Policarpo Sanz – praza Porta do Sol. Distancia: 460 m. Tempo: 5’ 03”.

ITINERARIO 3: Praza de Compostela – Rúa Colón – Rúa Policarpo Sanz – Praza Porta do Sol. Distancia: 360 m. Tempo: 3’ 57”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2026 11:26	Páxina 8 de 14
148489-210	CSV: ABB1BB-ABE5E5-BF3EB1-QJETBZ-CUF4N2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ÁREA DE SEGURIDADE, MOBILIDADE E TRÁFICO

CONCELLO  
DE VIGO



ITINERARIO 4: Esquina Colón con García Barbón- Rúa Policarpo Sanz – Praza Porta do Sol. Distancia: 300 m. Tempo: 3' 18"

ITINERARIO 5: A Farola (Urzáiz) – Rúa do Príncipe – Praza Porta do Sol. Distancia: 400 m. Tempo: 4' 24"

ITINERARIO 6: Museo MARCO (Calle Progreso) – Calle Progreso – Doctor Cadaval – Praza Porta do Sol. Distancia: 800 m. Tempo: 8' 48"

ITINERARIO 7: Ronda Don Bosco (esquina Rúa do Pracer) – Rúa Velázquez Moreno – Rúa do Príncipe– Praza Porta do Sol. Distancia: 900 m. Tempo: 9' 54"

### Medidas complementarias

Regulación de acceso á Porta do Sol.

Prohibición de montaxe de terrazas na Porta do Sol e en rúa Elduayen

Autorización de música polas rúas e megafonía na Porta do Sol.

Aviso en tódolos paneis informativos da cidade.

### 5. ENSAIO XERAL NOCTURNO – SAMIL

**Localización:** Avenida Samil. Avenida Europa. Avenida Atlántida. Argazada. Pertegueiras. Rúa do Río. VG-20.

**28/05/2026 – ENSAIO -HORARIO: 20:30 h – 02:30 h - AFECCIÓNS Á MOBILIDADE**

#### Cortes totais

Corte total Avenida Samil entre camiño Saiñas e rotonda con Argazada.

Corte total Argazada dende Pertegueiras (ésta igualmente dende Avda de Samil).

Corte total acceso desde Avenida Europa con Avenida de Samil dende rúa Marans.

#### Restricións de circulación

Acceso só residentes e emerxencias.

Peches progresivos por sectores.

#### Reservas de estacionamento

Aparcamento 1 Samil (San Remo)

Aparcamento 2 Samil (caseta Policía Local)

Aparcamento 3 Samil (central)

Aparcamento 4 Samil (ría de Vigo)

Aparcamento 5 Samil (Picadero-pistas tenis)

Aparcamento 7 Samil (Cornet Hut)

Aparcamento 8 Samil (Mar de Plata).

Aparcamento 9 Samil (Verbum).

Avenida Samil, fronte Verbum ambas marxenes (gradas xa montadas).

Argazada entre Dunas Samil e Pertegueiras.

Rúa de Canido, frontal Campo de fútbol Samil a carón da ponte do Lagares.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 18/05/2026 11:26

Páxina 9 de 14

148489-210

CSV: ABB1BB-ABE5E5-BF3EB1-QJETBZ-CUF4N2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## ÁREA DE SEGURIDADE, MOBILIDADE E TRÁFICO

CONCELLO  
DE VIGO



### Restricións peonís

Restrición puntual nos ámbitos de seguridade.

### Medidas complementarias

Dobre sentido provisional rúa Robaleira entre Rego da Pulida e rúa Garita.

Desvíos alternativos.

Aviso en tódolos paneis informativos da cidade.

### 6. REVISTA NAVAL E EXHIBICIÓN DINÁMICA – SAMIL

**Localización:** Avenida Samil. Avenida Atlántida. Avenida Europa.

#### 27/05/2026 - MONTAXE - AFECCIÓNS

##### Reservas de estacionamento

Aparcamento 1 Samil (San Remo)

Aparcamento 2 Samil (caseta Policía Local)

Aparcamento 3 Samil (central)

Aparcamento 4 Samil (ría de Vigo)

Aparcamento 5 Samil (Picadero-pistas tenis)

Aparcamento 7 Samil (Cornet Hut)

Aparcamento 8 Samil (Mar de Plata).

Aparcamento 9 Samil (Verbum).

Avenida Samil, fronte Verbum ambas marxenes (gradas xa montadas).

Argazada entre Dunas Samil e Pertegueiras.

##### Restricións

Dobre sentido provisional rúa Robaleira entre Rego da Pulida e rúa Garita.

Desvíos alternativos.

Aviso en tódolos paneis informativos da cidade.

#### 28/05/2026 – ENSAIOS - HORARIO: 10:00 h – 19:00 h - AFECCIÓNS Á MOBILIDADE

##### Reservas de estacionamento

Mantemento reservas de estacionamento.

##### Restricións

Mantemento reservas de restricións.

Corte puntual Avenida Samil.

#### 29/05/2026 -EVENTO- HORARIO: 8:00h – 15:00h - AFECCIÓNS Á MOBILIDADE



## ÁREA DE SEGURIDADE, MOBILIDADE E TRÁFICO

CONCELLO  
DE VIGO



### Reservas de estacionamento

Mantemento reservas de estacionamento.

Avenida Samil ambos marxes, dende camiño do Forte ata rotonda Argazada.

Avenida Atlántida: Reserva ambos marxes, dende camiño Forte anta Santa Baia.

Avenida Europa .

### Restricións

Mantemento reservas de restricións.

Restrición peonil de acceso a zonas de praia arenal.

Carril segregado para bus na Avenida de Castelao dende rotonda barco ata Avda Europa.

Restrición peonil no aseco marítimo Samil, zona San Remo para as salvas dos cañóns.

### Cortes de tráfico

Corte puntual Avenida Samil.

Restrición acceso a zonas do areal da praia.

Camiño Fontes dobre sentido para residentes.

## 7. ACTO CENTRAL – DESFILE TERRESTRE DIFAS 2026

**Localización principal:** Avenida Samil. Avenida Europa. Avenida Atlántida. Argazada. Pertegueiras. Rúa do Río. Rúa Canido. Carretera do Vao. Ricardo Mella. Verbum.

### **30/05/2026 – ACTO - HORARIO: 08:00 h – 15:00 h - AFECCIÓNS Á MOBILIDADE**

#### **Cortes totais de tráfico**

Corte integral do eixo do desfile: Avda Samil (circuito Automodelismo) – Avda Samil (glorieta rpto de Europa) – Avda Samil (rúa Saiñas)

Corte Avenida Atlántida.

Cortes mediante filtros en Avenida Europa.

Corte saída do túnel de Bouzas cara Avenida Europa. Corte entrada cara o túnel de Bouzas dende Avenida Europa.

Corte Argazada.

Corte Pertegueiras.

Corte Rúa do Río.

Cortes durante o desfile rúa Canido.

#### **Restricións de circulación**

Acceso só residentes e actividade comercial, polos desvíos indicados.

Non saída de estacionamento comerciais durante o desfile.

Acceso só mediante transporte público.

Acceso só vehículos acreditados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2026 11:26	Páxina 11 de 14
148489-210	CSV: ABB1BB-ABE5E5-BF3EB1-QJETBZ-CUF4N2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ÁREA DE SEGURIDADE, MOBILIDADE E TRÁFICO

CONCELLO  
DE VIGO



### *SECTOR 1: Avenida Europa – Avenida Atlantida – VG20 - Samil*

Desvío de tráfico que chega de Av de Atlantida dende rúa Castaña cara a VG-20.

Desvío de tráfico que chega de rúa Castaña e Igrexa cara a VG-20.

Cambio de sentido na rúa Viña Grande.

Camiño Garita con Viña Grande so residentes.

Avda Samil con Camiño Borralleiro saída cara a VG20.

Camiño Pertegueiras 76 saída sentido a camiño Forte.

Sentido camiño Garita cara a camiño Sobreira.

Salgueiral 24 non permitido baixar cara a Robaleira.

Outros desvíos e cortes puntuais.

### *SECTOR 2: Avenida Europa – Camiño do Río – Samil – VG-20*

Avda. Europa con Camiño Marans xiro provisional para retorna de autobuses.

Corte en Baixada a Samil 85 cara a Samil, desvío por Baixada Samil cara San Paio.

Corte rúa Redondo 57 (Euroconsult) cara a Samil, desvío cara San Paio.

Corte na rúa Saiñas con Laxielas cara a Samil.

Corte Avda Samil con Saiñas cara a Samil.

Corte da rúa Río con Laxielas, desvío cara San Paio ou rúa Muiños.

Rotonda Amor de Dios con VG-20 y rúa Pardaíña filtro entrada residentes.

Corte Camiño Caringosta con Cruceiro cara a rotonda Amor de Dios.

Outros desvíos e cortes puntuais.

### *SECTOR 3: Rúa do Río , EP-2003, rúa de canido, Ricardo Mella.*

Avda. Europa con Camiño Marans xiro provisional para retorna de autobuses.

Entrada residentes, servizos e emerxencias en: Carretera do Vao con Combro, Carretera do Vao con Ceán, Carretera do Vao con Fontela, Ricardo Mella con Carrasqueira, Combro con Camiño das Veigas, Combro con Camiño das Veigas

Saída cara Canido, salvo no desfile para: Rúa de Canido con Combro, Rúa de Canido playa de A Fontaina,

Outros desvíos e cortes puntuais.

### **Reservas de estacionamento**

Aparcamento 1 Samil (San Remo)

Aparcamento 2 Samil (caseta Policia Local)

Aparcamento 3 Samil (central)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2026 11:26	Páxina 12 de 14
148489-210	CSV: ABB1BB-ABE5E5-BF3EB1-QJETBZ-CUF4N2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ÁREA DE SEGURIDADE, MOBILIDADE E TRÁFICO

CONCELLO  
DE VIGO



Aparcamento 4 Samil (ría de Vigo)

Aparcamento 5 Samil (Picadero-pistas tenis)

Aparcamento 7 Samil (Cornet Hut)

Aparcamento 8 Samil (Mar de Plata).

Aparcamento 9 Samil (Verbum).

Aparcamento superior na rúa Igrexa fronte a Igrexa San Baia Alcabre.

Aparcamento inferior na rúa Igrexa cara a praia.

Zona Vao reserva dos estacionamentos: igrexa Santa Carme e aparcamento praia, estacionamento socorristas saída cara Canido.

Campo fútbol Comesaña (rúa San Paio): estacionamento exterior.

Rúa de Canido, frontal Campo de fútbol Samil a carón da ponte do Lagares.

Avenida Samil ambas marxes.

Argazada entre Dunas Samil e Pertegueiras.

Avenida Atlántida: Reserva ambos marxes, dende camiño Forte ata Camiño da Igrexa.

Avenida Atlántida: Reserva lado mar, dende Camiño da Igrexa ata Xavier Sentat.

Avenida Europa totalmente reservada para estacionamento transporte público Vitrassa e autorizados.

Ambas marxenes de rúa Muiños.

Camiño Fontela, perimetral ao estacionamento da capela, ambas marxes.

### Restricións peonís

Restrición paso en zonas de seguridade.

Paso de peons para cruce na Avenida de Samil soamente ata as 11:00h.

### Medidas complementarias

Carril segregado para transporte colectivo (Vitrassa ediscrecional) dende avenida de Castelao con Praza América ata Avenida de Europa.

Corredores de emerxencia.

Desvíos alternativos.

Avenida de Canido restrición na mobilidade de vehículos durante o desfile, dende ponte do Lagares ata Estrada do Vao.

Aviso en tódolos paneis informativos da cidade.

Avenida Samil próximo as gradas en lado terra reserva para persoas de mobilidade reducida PMR (para ver o acto, non para estacionamento)

## 8. RECEPCIÓN INSTITUCIONAL – CASA CONSISTORIAL

**Localización:** Marqués de Alcedo. Cachamuña. Praza do Rei. Paseo de Rosalia de Castro.

**30/05/2026 - HORARIO: 05:00 h – 20:00h - AFECCIÓNS Á MOBILIDADE**

### Reservas de estacionamento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2026 11:26	Páxina 13 de 14
148489-210	CSV: ABB1BB-ABE5E5-BF3EB1-QJETBZ-CUF4N2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ÁREA DE SEGURIDADE, MOBILIDADE E TRÁFICO

CONCELLO  
DE VIGO



Rúa Marqués de Alcedo entre rúa Nicaragua e rotonda Bicentenario, marxe dereita sentido descendente.

Rúa Cachamuiña (entre Falperra e Paseo de Granada).

Aparcamento de terra no Paseo de Rosalia de Castro.

Paseo de Rosalia de Castro.

Praza do Rei parte superior.

### Reservas de ocupación

Un carril no Paseo de Rosalia de Castro dende rotonda a paseo dos Cedros.

Un carril en Avenida de Camelias, dende o inicio (60m).

Para tal efecto, rógase á cidadanía que atenda as indicacións dos servizos municipais, Policía Local, servizos de emerxencia e persoal de organización, así como a sinalización provisional que poida implantarse nas zonas afectadas, co fin de garantir o correcto desenvolvemento dos actos, minimizar as afeccións á mobilidade e preservar a seguridade de todas as persoas asistentes e usuarias da vía pública nos diferentes eventos.

O enxeñeiro municipal da Area de Seguridade Mobilidade e Tráfico

Roberto Carlos González Fernández

O Xefe da Área de Seguridade Mobilidade e Tráfico

Antonio Vivero Mijares



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 18/05/2026 11:26

Páxina 14 de 14

148489-210

CSV: ABB1BB-ABE5E5-BF3EB1-QJETBZ-CUF4N2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>